

Cambiar a estética dos recreos

A experiencia lévase a cabo co fin de que os rapaces e rapazas de educación primaria do CPI Luís Díaz Moreno de Baralla constrúan hábitos saudables e incorporen a actividade física ao seu tempo de lecer. O carácter lúdico dos xogos motiva o alumnado e axuda o profesor a conseguir os obxectivos propostos. A experiencia foi premiada, conxuntamente, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e pola Consellería de Xuventude no ano 2006, na convocatoria á innovación educativa en temas transversais, en particular, no tema de lecer.

M.ª José Castro Girona
Mestra de Educación Física
C.P.I. Luís Díaz Moreno, Baralla
mcgirona@edu.xunta.es

A idea de poñer en marcha este proxecto veu dada polos resultados das observacións feitas nos recreos. A actividade infantil nese tramo escolar é, sobre todo, sedentaria; a práctica motora apenas está presente, o que significa que non se consegue un dos obxectivos principais da área: adoptar hábitos de exercicio físico, participar en actividades motrices de maneira regular e manter esta participación ao longo do tempo.

Nun estudo internacional realizado por Piéron, Telama, Naul, Ledent e Almond, tamén se chega á conclusión de que os rapaces e as rapazas de hoxe teñen un ocio moi pasivo, que lles gusta facer actividades que non requiren exercicio motriz e, con poucas excepcións, as rapazas seguen a se comprometer menos neste tipo de actividades.

Tamén contribuíron a orientar esta experiencia as reflexións de García e

Ansíns (1994), Álvarez Bueno e Outros (1990) tocante ás diferentes motivacións e intereses de nenos e nenas na educación física, así como aos aspectos que estiman que se deberían considerar á hora de afrontar a nosa tarefa educadora. En principio, non hai nada mellor que a utilización dos xogos tradicionais e populares. Ademais, é necesario buscar actividades interesantes e motivadoras, e darlle ao alumnado a posibilidade de gozalas.

Con estes presupostos iniciamos o traballo no curso 2005/2006 con todos os nenos e nenas de educación primaria. Nel implícanse as áreas de educación física e informática. Mandamos tempo visitando páxinas web, nas que atopamos xogos de corda e de palmas, que non coñecemos nesta zona na que vivimos. Ademais, elaboramos libros de cancións e xogos ilustrados polos alumnos e as alumnas.



O entusiasmo polos xogos foi medrando paseniño

Temos intención de conseguir tamén que as actividades que se lles propoñan non acaben clasificadas en xogos para nenos e xogos para nenas. É verdade que neste centro saímos con vantaxe, pois ao non coñecer os xogos están en igualdade de condicións ante a actividade.

Implicación das familias

A colaboración das familias resultou fundamental, tanto ao comezo da experiencia, como ao longo de todo o proceso. Se pretendiamos cambiar os hábitos do alumnado, cumpría que a iniciativa se reforzase na casa. Unha vez metidos no traballo, debiamos evitar os lóxicos prexuízos cara a un tipo de xogos que ás familias lles evocase a súa infancia, e os poideran identificar cos nenos ou coas nenas. Todo isto había que falalo e, na medida do posible, tentar que pais e nais tomasen un papel activo no proxecto. Para conseguilo convocamos unha reunión na

que se informou dos beneficios que se podían tirar da práctica destes xogos, e na que lles pedimos a súa participación. Convidámoslos tamén a facer suxestións e a compartir unha clase cos seus fillos.

A resposta das familias é excelente. Na casa, os pais e as nais ensínanlles aos fillos os xogos da súa infancia, e eles tráenos á escola, converténdose así en monitores dos seus compañeiros. Cara a fin de curso participan nunha sesión aberta de xogos, de corda, de berce, de gomas, de palmas, etc. O encontro prodúcese no horario habitual de clase e permítelles ter unha idea do traballo desenvolto na escola. As familias alentan en todo momento a proposta e animan os seus fillos a participar.

Un club de amizade

Coa constitución deste club preténdese impulsar un proxecto que ten como

obxectivo a implicación do alumnado na actividade física. Os resultados móstrannos que a súa influencia superou estas expectativas.

O primeiro que debemos salienta é o enorme interese que suscita a iniciativa entre o alumnado. Todos querían formar parte do club "Ven e xoga connosco", pero, ademais, a posta en funcionamento requiriu organizar unha directiva, distribuír responsabilidades, facer un carné a todos os socios, elaborar, votar e elixir un anagrama que representase o club, etc. Unha vez constituído, prográmanse as actividades que, de forma periódica, se desenvolverán ao longo do curso; confecciónase un calendario e establécense os días nos que se organizan xogos durante os recreos. Tamén se elabora un póster co calendario de actividades, que se coloca nun lugar visible.



A alta participación do alumnado cambiou a estética dos recreos

O club constitúese cunha directiva formada por seis membros: presidente (profesora), secretario/a, vicepresidente e tres vocais (alumnado).

O alumnado que forma parte da directiva escóllese democraticamente nas aulas de quinto e sexto. A presenza de alumnos de quinto garante que cada curso haxa na directiva alumnos que xa coñecen o seu funcionamento.

Este club encárgase de organizar actividades para o tempo de lecer. Algúns dos xogos máis practicados ata agora son bolos, brilé, gomas e pano. Unha iniciativa que, ademais de lle dar pulo ao proxecto, crea un contexto no que o alumnado pode experimentar a participación dentro do contorno escolar e nun ambiente democrático.

Valoración da experiencia

Hai que destacar a alta participación do alumnado. Á hora de solicitar voluntarios, preséntanse todos sen distinción, colaboran nas actividades que se organizan, coma o reparto e a recollida de material, a organización dos xogos e os labores de arbitraje nos conflitos que aparecen.

Nenos e nenas implicáronse na

mesma medida en xogos que tradicionalmente se atribuían a un ou a outro xénero. Deste xeito, os rapaces esforzábanse en alcanzar os mesmos niveis cás rapazas no salto da corda ou na mariola e as nenas daban o máximo rendemento nos bolos ou nas chapas. Este entusiasmo polos xogos foi medrando paulatinamente, o que contribuía a aumentar a miña ilusión polo traballo. Os nenos e as nenas repetían os xogos na casa e na praza do lugar. Tamén se debe salientar o papel colaborador das familias na elaboración de material. Algúns nenos fixeron na casa trezado de cordas que lles aprendían despois aos compañeiros na escola. Outras, simplemente favorecían o traballo coa súa actitude positiva. Todo isto permitiunos avanzar nos nosos obxectivos e trazar novas metas para o futuro. En resumo, un traballo que contribuíu a cambiar a estética dos recreos, agora máis activos e alegres.

Bibliografía

ÁLVAREZ BUENO, J.J. e OUTROS (1990) *Guía para una educación física no sexista*. Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia. Dirección General de Renovación Pedagógica.

CASTRO GIRONA, M^a. J., GONZÁLEZ VALEIRO, M. A. e PIÉRON, M. (2003) Análisis del comportamiento del alumnado y comparación de las conductas fuera de tarea en niños y niñas que participan en educación física escolar. *Revista de Educación Física* (91) 5-16.

CASTRO GIRONA, M^a. J., GONZÁLEZ VALEIRO, M. A. e PIÉRON, M. (2005) La relación entre el compromiso motor de los alumnos y los contenidos en la educación física escolar. *Revista de Educación Física* (97) 5-13.

GARCÍA, M. e ASÍNS, C. (1994) *Cuadernos para la coeducación*. Barcelona, Institut de Ciències d'Educació, Universitat Autònoma de Barcelona.

PIÉRON, M., TELAMA, R., NAUL, R., LEDENT, L. e ALMOND, L. (1997) Étude du style de vie d'adolescents européens. Considérations théoriques, objectifs et méthodologie de recherche. *Sport* (159/160) 43-50.

XUNTA DE GALICIA (1992) *Deseño curricular base. Educación primaria*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.